


Foto: Sara Rodríguez Da Silva

XANEIRO 2025

RESUMO MENSUAL DE ACTIVIDADES





© Sara Rodríguez da Silva

XANEIRO 2025

Xoais invisibles ao ollo humano


A fotografía de xaneiro no calendario do #teamCINBIO está realizada por Sara Rodríguez Da Silva, do grupo FunNanoBio.

Nela observamos, baixo a lente do microscopio, un universo de formas xeométricas perfectas que cobran vida. Os cristais de MOFs (Metal-Organic Frameworks) parecen diminutas estruturas arquitectónicas, pequenos poliedros suspendidos nun abismo escuro.



Seminario María Pardo

O xoves 9 a Dra. María Pardo Pérez (IP Grupo Obesidómica, Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago, IDIS), ofreceu o seminario "Papel funcional de las vesículas extracelulares en el diálogo dinámico entre tejidos metabólicos en la obesidad", dentro do "CINBIO Seminar Programme". [Máis info.](#)



Tese Carlos López Solarat

O venres 10 de xaneiro Carlos López Solarat, do Laboratorio de Enfermedades Raras do CINBIO, defendeu a súa tese de doutoramento baixo o título: "Molecular mechanisms and phenotypic diversity in Bardet-Biedl syndrome". [Máis información.](#)



Tese Lara Tomás

O venres 10 de xaneiro Laura Tomás, do grupo de Filoxenómica do CINBIO, defendeu a súa tese de doutoramento baixo o título: "Evolution and Genomic Heterogeneity in Solid Tumors". [Máis información.](#)



Visita servizo Citometría

O 14 de xaneiro un grupo de 20 estudantes do Ciclo de FP Grao Superior de Laboratorio Clínico e Biomédico do CIEP Manuel Antonio de Vigo visitaron o CINBIO para aprofundar no funcionamento dun equipo de citometría de fluxo. Mercedes Peleteiro foi a encargada de guiar esta visita. [Máis info.](#)



Seminario Guillermo Pedro

O xoves 16 de xaneiro, o Prof. Guillermo Pedro Acuña (Department of Physics, University of Fribourg, Switzerland), ofreceu un seminario baixo o título "DNA nanotechnology for nanophotonics", dentro do ciclo "CINBIO Seminar Programme". [Máis información.](#)



Tese Immacolata Maietta

O luns 20 de xaneiro Immacolata Maietta, do grupo de Inmunoloxía do CINBIO, defendeu a súa tese de doutoramento baixo o título: "Targeting epigenetic modifications and gene expression in pancreatic cancer: antitumoral effect of combined therapies". [Máis info.](#)

VISITA DO CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP da Xunta de Galicia, Román Rodríguez, referiuse ao CINBIO como exemplo da investigación excelente que se fai en Galicia. Fíxoo nunha visita ás nosas instalacións no campus de Vigo, na que estivo acompañado polo reitor da Universidade de Vigo, Manuel Reigosa, e o director do CINBIO, Miguel Correa. [Máis información.](#)



HNG en GCiencia

O medio dixital especializado en contidos científicos, GCiencia, fíxose eco do traballo desenvolvido polo grupo de Nanomateriais Híbridos do CINBIO. A reportaxe céntrase nun proxecto colaborativo que busca crear sistemas híbridos para progresar no achado de novos tratamentos personalizados. [Máis información.](#)



Seminario Mónica Neagu

A Prof. Monica Neagu (Immunology Department, Victor Babes National Institute of Pathology, Pathology Department, Colentina Clinical Hospital, Bucharest) ofreceu o seminario “Insights in genetic traits in skin cancers using droplet digital PCR”, dentro do “CINBIO Seminar Programme”. [Máis información.](#)



Seminario #TechLab

O mércores 22 de xaneiro o persoal especialista da empresa Thermo Fisher impartiu un seminario técnico sobre as tecnoloxías Procartaplex (proteína) e QuantiGene (ARN), co obxectivo de dar a coñecer estes sistemas de multiplexado para análise de proteína e ARN mediante tecnoloxía Luminex. [Máis info.](#)



Premio extraordinario

Clara Otero Martínez, que realizou a súa tese de doutoramento no grupo de Física e Química de Materiais do CINBIO, recibiu o Premio Extraordinario de Doutoramento no ámbito das ciencias durante o acto institucional de Santo Tomé celebrado o 28 de xaneiro pola Universidade de Vigo. [Máis info.](#)



Premio da RAGC para TNT

Un traballo do grupo TeamNanoTech foi distinguido co Premio de Investigación Fundación Barrié-RAGC na categoría de Ciencias Básicas. O proxecto está centrado na utilización de dióxido de carbono para a produción de produtos químicos e combustibles para combater o cambio climático. [Máis información.](#)



Presentación AECC

O xoves 30 de xaneiro, Carmen García Hijano, psicóloga e coordinadora do voluntariado de ciencia da Asociación Española contra el Cáncer en Pontevedra, visitou o CINBIO xunto ao seu equipo para presentar o programa de voluntariado da AECC “Ciencia para todos”. [Máis información.](#)

FEBREIRO E MARZO 2025

PRÓXIMOS EVENTOS



Formación


Proximamente máis información:

- Xoves 27 de febreiro ás 11:00 horas: Coñece ao #teamCINBIO con **Lorena García Hevia**, do grupo de Nanomateriais Híbridos.
- Venres 14 de marzo ás 11:00 horas:
Seminario de Prof. Mohamed Chaker
(Institut national de la recherche scientifique Energy, Materials, Telecommunications): "Plasma synthesis of oxide materials"



#teamCINBIO

Son benvidas todo tipo de suxestións e ideas sobre as áreas temáticas das actividades formativas así como propostas de seminarios e clases maxistrals. Igualmente, aquelas persoas que queirades participar presentando a vosa investigación no ciclo “Coñece ao #teamCINBIO”, non dubidedes en facérnolo saber.



cinbio.es

